

FESTA DO COMERCIO 2023: DESFILE DE MODA, BUSCAMOS MODELOS.

BASES LEGAIS

Resumo

No marco da Festa do Comercio que ADETO organiza o sábado 2 de setembro de 2023 na Praza do Seixo organizarase un DESFILE DE MODA no que participarán diversas tendas de moda. A campaña actual ten como finalidade atopar modelos para desfilan en dita data.

As/os modelos seleccionadas/os consensuarán coa tenda de moda asignada o vestuario do desfile e recibirán como compensación un desconto a decidir polo comercio.

Organización da campaña

A Asociación de Autónomos de Comercio, Hostelería e Industria de Tomiño (en adiante ADETO), con domicilio social en Rúa Gondomar, 40, Galerías Comerciais, local B – 36740 Tomiño (Pontevedra), con CIF G-94054608, organiza a presente campaña: Desfile de moda.

Dereito a participar e dinámica da campaña

Esta acción está dirixida ao **público xeral de calquera idade** sendo necesaria para menores de 18 anos a autorización de pai / nai / tutor legal.

En caso de ser necesario a selección de modelos será efectuada polos comercios participantes atendendo a criterios de adecuación ao estilo da tenda.

Duración

O prazo para solicitar participar no Desfile de Moda abrirase o 18 de agosto de 2023 ata que o cupo de modelos estea cuberto, sendo a data límite para solicitar participar o día 31 de agosto de 2023.

As persoas interesadas deberán poñerse en contacto con ADETO a través das súas RRSS ou no correo electrónico info@adeto.es. A organización resérvase o dereito a solicitar fotografías co fin de asignar as/os modelos aos comercios participantes.

Tratamento dos datos de carácter persoal, cesión de dereitos de imaxe e demais dereitos

A efectos de dar cumprimento ao establecido na normativa vixente de protección de datos persoais, ADETO infórmalle que os datos de carácter persoal proporcionados polos participantes na campaña poderán ser incorporados a un ficheiro coa finalidade de xestionar a súa participación na presente promoción. Informámoslle de que os seus datos poderán ser cedidos aos asociados de ADETO que participan na presente campaña. De igual modo lle informamos que o prazo de conservación dos datos será o necesario para dar cumprimento ás finalidades explicitadas.

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición, revocación do consentemento prestado así como reclamar ante AEPD.

ADETO adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

Os/as participantes no Desfile de Moda autorizan a ADETO e aos comercios participantes na Festa do Comercio a reproducir, utilizar e difundir a súa imaxe na difusión e promoción da Festa do Comercio 2023 sen que dita utilización lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da gravación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

O mero feito de participar nesta campaña implica a aceptación das presentes Bases sen reservas e o expreso sometemento ás decisións interpretativas de ADETO.

En caso de suscitarse problemas ou incidencias na interpretación das presentes Bases ou no desenvolvemento da promoción, estarase aos criterios que aplique ADETO someténdose en caso de conflito aos Xulgados de Tui, renunciando expresamente as partes a calquera outro foro que lles puidese corresponder.

En Tomiño a 17 de Agosto de 2023

Xuntos medramos